

OS RATOS DA CASA

Texto de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Ilustracións de NATALIA COLOMBO

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

Os ratos da casa (galego)

ISBN 978-84-8464-466-8. Demademora.

Ratones de casa (castelán)

ISBN 978-84-8464-467-5. Obras de autor. Primeros lectores.

Etxeko saguak (euska)

ISBN 978-84-7681-881-7. Autore luburuak. Lehen irakurleak.


O ceo,
queres que cho conte?,
cando chega á Terra,
descansa no monte.

O monte,
pouquiño a pouquiño,
subindo e baixando,
acheaga o camiño...

"Os ratos da casa" é un divertido álbum para primeiros lectores sobre as peripecias dunha intrépida familia de roedores que sae do monte e chega a unha casa. Buscan aloxamento? Comida? Non importa tanto a meta como o camiño. Encadeando os personaxes e os elementos que actúan na trama e utilizando a rima, Oli guíanos nunha viaxe que busca novas formas de contar unha historia empregando estruturas narrativas propias da nosa tradición oral e doutras culturas próximas.

Cun ton entre poético e humorístico, somos partícipes dun simpático relato que transcorre no tránsito do solpor ao amencer, e no que non faltan sobresaltos para os ousados ratiños, como a inoportuna presenza doutro animal que os sorprende coas 'patas' na masa.

As ilustracións de Natalia Colombo destacan pola riqueza cromática, a utilización de ceras e lapis de cores, e a representación de espazos domésticos, onde os lectores poderán atopar graciosas chiscadelas cotiás.



■ **Temática:** uns ratos adéntranse nunha casa coa idea de darse un festín.

■ **Idade recomendada:** dende 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** texto rimado, personaxes e elementos encadeados; ilustracións coloridas e alegres; novo título da serie: "[Ratos de viaxe](#)"; do autor de "[Artur](#)", "[Once damas atrevidas](#)" e "[O pirata pata de lata](#)" (Kalandraka); da ilustradora de "[Cerca](#)" (I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado) e "[Niños](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-ratos-da-casa-g>

Xosé Manuel González 'Oli'

(Cangas, 1960)

Mestre de Primaria, tradutor, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil. Co-director da colección Seteleguas de KALANDRAKA, editorial na que publicou "Once damas atrevidas", "O pirata pata de lata" e "Artur". Foi responsable das páginas de literatura infantil da Revista Galega de Educación.

<http://www.librosdeoli.gal>

Natalia Colombo

(Bos Aires, 1971)

Ilustradora e deseñadora gráfica. Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires, cidade na que reside. Ilustrou libros de texto e álbuns infantís publicados en editoriais de España, Francia, Suiza, Arxentina, México, Chile, Brasil e Estados Unidos. Tamén participa en exposicións individuais e colectivas. Coa súa primeira obra, "Cerca", gañou o I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, convocado polo Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago e por KALANDRAKA. En 2017 recibiu unha mención de honra de Iberoamérica Ilustra.

<http://www.nataliacolombo.com.ar>

[www.Kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

comunicacion@kalandraka.com